



## Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Valores. igualdade e cultura da mediación en contextos socioeducativos			Código	652512216
Titulación	Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4.5	
Idioma					
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Rouco Ferreiro, Javier Francisco	Correo electrónico	javier.rouco@udc.es		
Profesorado	Rouco Ferreiro, Javier Francisco	Correo electrónico	javier.rouco@udc.es		
Web					
Descrición xeral					

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Ser capaz de identificar os diferentes fundamentos teóricos e metodolóxicos dun proxecto de educación democrática e crítica, facendo especial énfase nos dereitos humanos e a igualdade de xénero, desenvolvendo culturas da mediación e da paz.
A6	Desenvolver proxectos educativos de centro e/ou propostas pedagóxicas innovadoras baseadas na xustiza, a democracia e a diversidade.
B2	Capacidade de resolución de problemas
B4	Aprender a aprender
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión
B6	Capacidade de crítica e autocrítica
B7	Capacidade para elaborar e defender un discurso ante diferentes audiencias
B12	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B13	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B14	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B15	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B16	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación
---	----------------------------



- Promover, implementar e avaliar programas de educación en valores e mediación tendentes á resolución de conflitos en diferentes contextos socioeducativos.	AP1 AP6	BM2 BM4 BM5 BM6 BM7 BM12 BM13 BM14 BM15 BM16	CM4 CM6 CM7 CM8
- Ser quen de deseñar, implementar e avaliar propostas de educación en valores, igualdade e mediación adaptadas ás distintas realidades profesionais.	AP1 AP6	BM2 BM4 BM5 BM6 BM7 BM12 BM13 BM14 BM15 BM16	CM4 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Educación en valores para a cidadanía do século XXI.	Valores para o século XXI. Aproximación crítica á educación en valores. Formación de cidadáns e cidadás.
Xénero e igualdade: a coeducación como proxecto en contextos socioeducativos.	Xénero e igualdade no século XXI. A coeducación como estratexia e como fin.
Cultura da mediación: a convivencia como reto educativo.	O conflito nos centros. Xestión de conflitos. Estratexias para a mediación.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	3	0	3
Sesión maxistral	14	0	14
Lecturas	5	15	20
Análise de fontes documentais	7	11	18
Traballos tutelados	12	11	23
Recensión bilbiográfica	6	11	17
Presentación oral	6	10	16
Proba de ensaio	2	0	2
Atención personalizada	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Dinámicas introductorias conducentes a coñecer os perfís profesionais e académicos do alumnado.



Sesión maxistral	Exposición dos fundamentos teóricos da materia, achegamento a boas prácticas e análise crítica dialóxica das mesmas.
Lecturas	Achegamento ás publicacións (en todo tipo de formatos e soportes) que axuden a comprender o desenvolvemento da materia.
Análise de fontes documentais	Lectura e revisión crítica -tanto individual como grupal- dalgúns dos materiais sinalados na bibliografía.
Traballos tutelados	Pequenos traballos de investigación a realizar en grupo pequeno, referidos a algúns dos tópicos da materia. Axudarán ao coñecemento crítico da realidade socio-educativa próxima na que desenvolver as competencias propias desta materia.
Recensión bibliográfica	Afondamento nun dos textos propostos co fin de analízalo, detectar os elementos conceptuais que posúa e a súa estrutura, relacionalo con outras lecturas e mesmo facer unha análise crítica.
Presentación oral	Exposición de traballos grupais ante o grupo de referencia, na que manexar non só os coñecementos da materia senón tamén a capacidade de falar ante un público diverso.
Proba de ensaio	Traballo individual no que dar conta da capacidade de análise crítica e nivel de dominio conceptual acadados no desenvolvemento da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica Traballos tutelados Presentación oral Análise de fontes documentais	Consideraranse as necesidades específicas do alumnado e as súas traxectorias profesionais e académicas para ir concretando diferentes itinerarios que conduzan ao maior aproveitamento da materia.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros do alumnado en termos obxectivos e avaliar de xeito directo e individual a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.	30
Recensión bibliográfica	Comprende ademáis da lectura dunha obra, a análise do seu contido, unha crítica e a posterior valoración da mesma.	15
Traballos tutelados	Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo.	20
Presentación oral	Exposición de traballos, individuais ou colectivos dinante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.	20
Análise de fontes documentais	Baséase na utilización de documentos e fontes relevantes para a súa análise e posterior utilización para explicar a natureza dos distintos contidos e aspectos da materia.	15

### Observacións avaliación

A asistencia ás clases é imprescindible. O límite de asistencia mínimo é do 80%. Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada para a súa oportuna consideración. As faltas de asistencia habituais non precisan ser xustificadas mentres non excedan o 20% do total. Os traballos individuais (entre os que se considera a proba de ensaio) terán un valor do 60% na nota final e os traballos realizados en grupo computarán un 40%.
---

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- ().
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías